

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Xeografía e Historia en 1º da ESO é unha materia básica para que os discentes comprendan a realidade que lles rodea e como esta vai cambiando ao longo do tempo, permitiéndolles entender a súas posibilidades e as súas problemáticas para propor melloras e solucións.

A partir destes principios, estruturamos a nosa materia en dous grandes bloques.

1) Xeografía: este primeiro bloque abrangue a primeira parte da primeira avaliación. Neste tempo traballaremos os criterios de avaliación relativos a xeografía física desde unha perspectiva global. Comezaremos abordando a disposición da Terra no universo e as súas calidades. Isto permitiranos despois adentrarnos máis sucintamente na realidade da Terra para facer fincapé na súa realidade actual e as súas diversas problemáticas. Neste senso, faremos especial mención ao caso do Mundo e Europa e algunha referencia a España e Galicia.

2) Historia: neste segundo bloque trataremos as fontes propias desta ciencia social para despois poder adentrarnos na Prehistoria e na Idade Antiga. En ambos casos faremos especial mención aos diferentes procesos que van ter lugar durante estas fases da Historia e que van dar como resultado a aparición das primeiras civilizacións. Para isto, nunha primeira parte abordaremos a realidade do Paleolítico e o Neolítico, para despois acercarnos a Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma e, finalmente, a estes cambios na Península Ibérica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que é a Xeografía?	Nesta unidade abordaremos que é a ciencia xeográfica, os seus principios metodolóxicos e as súas principais ramas.	7	7	X		
2	O planeta azul: a Terra e a súa representación.	Estudaremos que é a terra, analizaremos as súas diferentes formas de representación.	8	7	X		
3	O planeta marrón: tempo e clima.	Afondaremos nos diferentes factores que permiten a existencias de diferentes bioclimas na Terra, para despois adentrarnos na distribución e as calidades destes bioclimas.	11	10	X		
4	O planeta verde: a paisaxe.	Explicaremos a gran diversidade do noso planeta e faremos fincapé na importancia da relación de factores no paso do tempo	11	10	X		
5	O planeta negro: problemas mediambientais.	Analizaremos a complexa situación actual da Terra e os diferentes problemas aos que se enfrenta no seu futuro a curta, medio e longo prazo.	8	7	X	X	
6	Que é a Historia?	Nesta unidade intentaremos comprender que é esta ciencia social e cales son os seus principios metodolóxicos	5	7		X	
7	Os comezos: a Idade de Pedra e a Idade dos Metais	Estudaremos aos primeiros homínidos e os primeiros pobos coñecidos e como era a súa cultura; como emerxen os primeiros poboados; e como orden as sociedades complexas.	11	12		X	
8	As primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e China.	Trataremos as primeiras dos grandes evidencias de cultura ben definidas e delimitadas no tempo, e as razóns que levan ao seu desenvolvemento.	11	12		X	X
9	O mundo clásico: Grecia e Roma.	Nesta unidade, veremos a evolución e as características do mundo greco-latino, facendo fincape na súa importancia no mundo actual.	14	16			X
10	A Península Ibérica na Antigüidade: dos primeiros homínidos á ocupación romana.	Finalmente, trataremos como evolucionó a Península Ibérica en todo este tempo, dende o establecemento dos primeiros homínidos ata o desenvolvemento das primeiras culturas peninsulares.	14	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que é a Xeografía?	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.	TI	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñecer e realizar contidos propios da materia a partir de diferentes recursos		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Crear recursos nos que se resume e recopile información concreta.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprender os problemas do mundo ao longo do tempo e propor solucións aos presentes.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Crear recursos nos que se resume e recopile información concreta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
2	O planeta azul: a Terra e a súa representación.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñecer e realizar contidos propios da materia a partir de diferentes recursos.	PE	55
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Crear recursos nos que se resuma e recopile información concreta.	TI	45
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Realizar recursos a partir de diversos recursos dixitais.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Comprender as diferencias, dificultades e problemas existentes no mundo e valorar a importancia de respetar esta diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conciencia ambiental. respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	O planeta marrón: tempo e clima.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.	PE	60
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Realizar recursos a partir de diversos recursos dixitais.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Crear recursos nos que se resume e recopile información concreta.	TI	40
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñecer, comprender e valorar a importancia da conservación do medio natural e patrimonial que nos rodea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
4	O planeta verde: a paisaxe.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos	TI	100
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Entender e valorar a realidade e a diversidade que nos rodean.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprender os problemas do mundo actual e propor solucións aos mesmos.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñecer, comprender e valorar a importancia da conservación do medio natural e patrimonial que nos rodea.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Comprender as diferencias, dificultades e problemas existentes no mundo e valorar a importancia de respetar esta diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
5	O planeta negro: problemas mediambientais.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñecer os principais retos da sociedade actual.	TI	100
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Comprender os problemas do mundo ao longo do tempo e propor solucións aos presentes.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valorar e defender os principios de conservación, de sustentabilidade e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Crear recursos nos que se resume e recopile información concreta.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprender os problemas do mundo actual e propor solucións aos mesmos.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñecer, comprender e valorar a importancia da conservación do medio natural e patrimonial que nos rodea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
6	Que é a Historia?	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñecer e realizar contidos propios da materia a partir de diferentes recursos	TI	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comprender os problemas do mundo actual e propor solucións aos mesmos.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprender, valorar e defender a importancia do patrimonio material e inmaterial para a construción da nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do

Contidos

- legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
7	Os comezos: a Idade de Pedra e a Idade dos Metais	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Coñecer e realizar contidos propios da materia a partir de diferentes recursos.	PE	80
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Empregar de xeito adecuado diversos tipos de fontes históricas.		
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñecer, entender e explicar os diferentes mecanismos que regularan a vida en sociedade ao longo do tempo.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprender, valorar e defender a importancia do patrimonio material e inmaterial para a construción da nosa sociedade.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Comprender os problemas do mundo ao longo do tempo e propor solucións aos presentes.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
8	As primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e China.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.	PE	60
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñecer, entender e explicar os diferentes mecanismos que regularan a vida en sociedade ao longo do tempo.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprender, valorar e defender a importancia do patrimonio material e inmaterial para a construción da nosa sociedade.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Saber as causas que levan a aparición das primeiras civilizacións, localizar a súa existencia no espazo-tempo e recoñecer a importancia das súas achegas máis importantes para coas sociedades posteriores.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus

Contidos

- procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
9	O mundo clásico: Grecia e Roma.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elaborar contidos propios da materia a partir do emprego de diferentes recursos.	PE	50
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Empregar de xeito adecuado diversos tipos de fontes históricas.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprender, valorar e defender a importancia do patrimonio material e inmaterial para a construción da nosa sociedade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Realizar recursos a partir de diversos recursos dixitais.	TI	50
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elaborar contidos a partir do emprego de diferentes recursos.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Saber as causas que levan a aparición das primeiras civilizacións, localizar a súa existencia no espazo-tempo e recoñecer a importancia das súas achegas máis importantes para coas sociedades posteriores.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Elaborar opinións propios e fundamentadas, respetando o parecer do resto de compañeiros.		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Presentar unha actitude e comportamento proactivo na defensa da igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
10	A Península Ibérica na Antigüidade: dos primeiros homínidos á ocupación romana.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Crear recursos nos que se resume e recopile información concreta.	PE	30
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entender a importancia da construción cultural das primeiras civilizacións para o desenvolvemento das identidades nacionais posteriores.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Comprender, valorar e defender a importancia do patrimonio material e inmaterial para a construción da nosa sociedade.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Crear recursos didácticos a partir do emprego da metodoloxía propia das Ciencias Sociais.	TI	70
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Coñecer os principais procesos históricos e os seus efectos en Galicia e España, valorando a importancia dos mesmos no seu desenvolvemento.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Comprender as diferencias, dificultades e problemas existentes no mundo e valorar a importancia de respetar esta diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Presentar unha actitude e comportamento proactivo na defensa da igualdade de xénero.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Coñecer o cambio nas costumes da sociedade ao longo do tempo, comparar as súas calidades fronte as actuais e valorar a importancia do autocoñecemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Durante este curso empregaremos E-Dixgal como unha ferramenta metodolóxica indispensable, onde o alumnado poderá atopar os contidos da materia (presentacións, vídeos, pdf, etc.) e indicacións sobre as actividades a realizar, tanto no caderno a partir do libro de texto, como na propia A.V (glosarios, encrucillados, discusións no foro, cuestionarios, etc.) e noutras webs ou aplicacións (kahoot, canva, gueogessr, baamboozle, liveworksheets, etc.). Todas as actividades estarán baseadas nos Criterios de Avaliación programados para cada U.D.

Por regra xeral, en cada UD realizaremos actividades breves no caderno -durante as sesións- e outras actividades ou traballos a medio prazo, por parellas ou grupos. Para favorecer o traballo grupal empregaremos ferramentas web que permiten a creación de presentacións, pósters, infografías, etc., de xeito colaborativo, como Canva, Genially ou Google Slides. Algunhas delas deberán ser presentadas na aula ante os compañeiros. Corrixiranse a partir de rúbricas que o alumnado coñecerá de antemán, a fin de facilitar o correcto desenvolvemento das tarefas. Así mesmo, realizaremos alomenos 2 probas escritas por avaliación. Estas probas estarán baseadas nos Criterios de Aprendizaxe e constarán de preguntas concretas, de desenvolvemento, de relación, de resposta múltiple ou de tipo procedimental.

En canto ao desenvolvemento das sesións, trataremos de empregar sempre unha estrutura semellante: repaso

das sesións anteriores, corrección das actividades realizadas o día anterior en caso de habelas, explicación dos contidos dos contidos do día, e realización de tarefas individuais ou grupais.

Trataremos de empregar unha metodoloxía activa, baseada na participación e colaboración do alumnado para o desenvolvemento das sesións. Propoñeremos materiais, recursos e actividades variados que se acheguen aos seus intereses, adaptándonos ao contexto e aos distintos ritmos de aprendizaxe. Así mesmo, a fin de mellorar a motivación, introduciremos estratexias de gamificación e aprendizaxe baseada en xogos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador E-Dixgal
Libro de Texto Fondo Libros
Materiais elaborados polo docente
Caderno

Ao longo do curso empregaremos diferentes materiais e recursos, algúns serán impresos e o alumnado deberá gardalos e outros estarán disponibles no entorno EVA.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para saber os coñecementos do partido do noso alumnado e detectar posibles carencias realizaremos unha pequena proba escrita. Esta constará de cuestións tanto abertas como pechadas e diferentes formas de resposta (definición, desenvolvemento, relación, ...). A proba escrita estará baseada no currículo de 6º de Educación Primaria.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	11	11	8	5	11	11	14	14
Proba escrita	0	55	60	0	0	0	80	60	50	30
Táboa de indicadores	100	45	40	100	100	100	20	40	50	70

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	38

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	62

Criterios de cualificación:

O peso das diferentes probas e actividades realizadas en cada avaliación será o seguinte:

- As probas escritas contarán un 60% da nota final de cada avaliación. Ao longa de cada unha das mesmas se fará un mínimo de dous exames. Estas probas contarán con distintos tipos de preguntas: de desenvolvemento, de resposta cerrada, de relación, de resposta múltiple, de tipo test, comentarios de texto, comentarios de mapas, etc.
- Os traballos grupais, por parellas e individuais sumarán ata un 40%. Dentro desta porcentaxe, un 20% estará reservado para o traballo individual ao longo da avaliación, mentres o restante 20% ao traballo por parellas ou grupal. En ambos casos a participación e o traballo valorarase a partir de rúbricas.

En cada unha destas avaliacións, ademais, o alumnado terá a opción de facer dúas lecturas voluntarias. Cada unha destas poderá subir ata 0,5 da nota final de cada avaliación, previa demostración da lectura da mesma mediante unha entrevista.

Para a nota final de cada unha destas avaliacións, o Departamento decidiu redondear por enriba do 0,75. Así, un 4,75 será un 5 ou un 6,75 un 7.

Ao final do curso académico terá lugar unha avaliación global con carácter sumativo, que busca sintetizar os resultados da aprendizaxe. O peso porcentual de cada un dos tres trimestres será o mesmo:

- 1ª avaliación: 33%.
- 2ª avaliación: 33%.
- 3ª avaliación: 33%.

Finalmente, temos que sinalar que no caso de que un alumno ou alumna fora pillada facendo uso de recursos non permitidos durante a realización dun exame se procederá da seguinte maneira.

- O alumno perderá o seu dereito a realizar o exame nesa data e seralle recollido.
- A calificación da proba será dun 0 independentemente do que puidera estar escrito no mesmo.
- O exame se lle permitirá repetir na data e hora que o docente considere.
- O titor/a e o pais do discentes serán informados por parte do profesor.

Criterios de recuperación:

No caso de que algún alumno non alcanzase unha valoración positiva en alguna avaliación se procederá da seguinte maneira.

Repetiranse as probas e/ou tarefas realizadas durante esa avaliación que non foran superadas. Se aproban se recuperan e volverase cualificar a avaliación, cos criterios xa establecidos no seu momento, para intentar aprobar, deste xeito, a avaliación. A nota obtenida en cada parte recuperada non poderá alcanzar nunca unha nota superior a 7.

Mentres, no caso de que o alumnado non chegase a alcanzar unha valoración positiva na avaliación final, a semana previa a esta, se procederá a realizar unha proba escrita pola tarde. Se permitirá aos discentes repetir as diferentes probas e/ou tarefas realizadas nas anteriores avaliacións que non superaron. En caso de recuperar neste periodo, a nota máxima será dun 5.

Finalmente, temos que indicar que nas recuperacións o aprobado será sempre un 5 e non menos. Non se aplicará redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado con esta materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é inherente a condición humana, non é mais que unha expresión da realidade de cada individuo, e pode estar condicionada por múltiples factores, tanto físico-sensoriais como cognitivos, ademais de intervir factores externos coma o entorno socioeconómico e cultural de cada persoa. Neste curso contamos con alumnado NEAE, dous diagnosticados con TDAH e un alumno con dislexia e discalculia; e outros con algunhas dificultades de aprendizaxe.

Tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe dalgún alumno/a, este Departamento coordinado co D. de Orientación adoptaremos as medidas de reforzo educativo coa finalidade de que estes adquiran as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo. Deste xeito, será fundamental o proceso da preavaliación para detectar as posibles necesidades.

Se o departamento de Orientación e a profesora ou profesor da materia o viran necesario, sería moi bo que a profesora de Pedagogía Terapéutica dese apoio a este alumnado, tanto fóra como dentro da aula nas sesións da nosa materia, de ter horario para iso. A súa colaboración na aula é considerada como esencial para poder prestar unha atención máis individualizada ao alumnado e poder realizar así tarefas que doutro xeito sería imposible ou moi difícil levar a cabo. As adaptacións Curriculares estudáranse individualmente e estarán dirixidas polo Departamento de Orientación do Centro.

De xeito xeral, farase reforzo a todos o alumnado con posibilidade de non acadar os obxectivos da materia. Daráselles tarefas e levarán unha atención máis personalizada, para que acaden os estándares, ademais de aplicar algunhas medidas ordinarias como adaptar os materiais, tempos e instrumentos de avaliación. Así mesmo, intentaremos potenciar a súa aprendizaxe significativa, favorecendo as conexións dos conceptos coa esfera funcional e experimental do estudante, o que é o mesmo, intervir na súa Zona de Desenvolvemento Proximo (ZDP); e, ademais, trataremos de orientar ao alumnado sobre estratexias de aprendizaxe e técnicas de estudo, ofrecéndolle distintas alternativas para que atope as que mellor se axusten as súas necesidades.

Por outro lado, de ter algún alumno ou alumna que presente un ritmo de aprendizaxe máis avanzado se lle propondrán actividades de ampliación, co obxectivo de estimular e potenciar as súas capacidades, así como o seu progreso cognitivo. Finalmente, destacar que se aplicaran as medidas recollidas nos distintos protocolos de atención á diversidade publicados pola Consellería de Educación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social				X	X	X		
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X				
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos de Desenvolvemento Sostible		X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz							X	X
ET.8 - Educación para o consumidor						X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación cívico-social		X
ET.2 - Educación ambiental		
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X
ET.6 - Obxectivos de Desenvolvemento Sostible		
ET.7 - Educación para a paz	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirá de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a Meteogalicia	Na primeira avaliación realizaremos unha saída a Meteogalicia na cidade de Santiago de Compostela. Nesta saída faremos un dos dous itinerarios que oferta esta institución.	X		
Visita ao PAAR de Campo Lameiro e Museo Provincial de Pontevedra	Na segunda avaliación teremos a ocasión de acudir ao xacemento de Campo Lameiro para coñecer como vivían os primeiros poboadores da nosa comunidade, ademais de poder visitar en Pontevedra os principais restos da Idade dos Metais.		X	
Visita aos xacementos romanos de Vigo	Na última avaliación faremos un pequeno percorrido por diferentes xacementos da cidade de Vigo e os seus correspondentes centros de investigación e difusión.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO
INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE
Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
11. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
12. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
13. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
14. Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e as competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van a avaliar.
4. As actividades foron variadas e motivadoras.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
13. Valórase o traballo e o esforzo.
Medidas de atención á diversidade
8. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
1. Fanse explicacións con claridade para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívoise un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. O alumnado e as familias teñen acceso a programación.
Outros
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
10. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e ruíbricas que contén unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolleándose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregarse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias pór en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados